

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 18 DE

FEBREIRO DE 2015

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día dezaioito de febreiro de dous mil quince, baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde dona María Jesús González Roel, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta María Vázquez Golpe e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa don Felipe Andreu Barallobre e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 9 de febreiro de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asisten á sesión, acordou deixar o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2015 sobre a mesa para a súa aprobación na vindeira sesión.

2º.- Correspondencia

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0202: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos culturais, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: "rehabilitación e adecuación do inmovible Casa Arrigada como biblioteca municipal", cun importe de 5.166,11 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0201: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades culturais, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: "XXXII certame de pintura Concello de Cambre e as novas tecnoloxías máis cerca 2015", cun importe de 5.487,75 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).



- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución número 1933 pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FOAYIA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para actividades de Promoción Económica durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “mellora dos parques infantís de Altamira, O Balado e San Lourenzo (Cambre)”, cun importe de 14.990,67 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución número 1932 pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FOAYAA: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para actividades de Promoción Económica durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “curso formación marketing dixital, enmarcado no XVI Plan Municipal de Formación”, cun importe de 4.779,16 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0102: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de investimentos deportivos, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “pavimentación pista polideportiva municipal en Santa Maria de Vigo”, cun importe de 5.990,99 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0100B: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero no ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “Concilia Cambre”, cun importe de 21.765,99 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0036A: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais interesadas na realización de programas de envellecemento activo para as persoas maiores durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “xuntanza do maior”, cun importe de 3.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa F0101: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para a realización de actividades deportivas, durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: “escolas de actividade física salud e actividades de verán”, cun importe de 5.932,50 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).

- Anuncio da área de Servizos Provinciais. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación Provincial da Coruña, da resolución pola que se aproba a concesión provisional de subvencións correspondentes ao programa FOAXCA: convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para o mantemento de servizos sociais durante o ano 2015. Figura o Concello de Cambre co obxecto: "servizo de axuda no fogar", cun importe de 40.988,71 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).
- Resolución da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, do 4 de febreiro de 2015, pola que se dá publicidade ao Plan de inspección urbanística para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 30, do día 13 de febreiro de 2015).
- Decreto 20/2015, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 29 de xaneiro, de racionalización de órganos colegiados da Xunta de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 29, do día 12 de febreiro de 2015).
- Resolución do 4 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral para o Deporte, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se convocan os Premios do Deporte Galego do ano 2014. (Diario Oficial de Galicia número 29, do día 12 de febreiro de 2015).
- Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 30 de xaneiro de 2015, pola que se regula o Rexistro de títulos habilitantes para prestar servizos de taxi na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 31, do día 16 de febreiro de 2015).
- Resolución do 9 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión das axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 31, do día 16 de febreiro de 2015).
- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección Desenv. Territ. Coop. e Medio Ambiente da excma. Deputación Provincial da Coruña, da convocatoria do programa MA100/2015, de subvencións para a limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 31, do día 16 de febreiro de 2015).
- Anuncio da área de Desenvolvemento Económico, Turismo e Medio Ambiente. Sección de Promoción e Desenv. Turístico da excma. Deputación Provincial da Coruña, das bases específicas da convocatoria de socorrismo dirixida a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2015. (Boletín Oficial da Provincia número 31, do día 16 de febreiro de 2015).
- Orde da Consellería de Traballo e Benestar, do 11 de febreiro de 2015, pola que se regula o procedemento de adjudicación de estadias e servizos nas residencias de tempo libre adscritas a esta consellería para o ano 2015. (Diario Oficial de Galicia número 33, do día 18 de febreiro de 2015).

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que dende o día 15 ao 20 de febreiro se está a desenvolver a actividade da “viaxe á neve” con destino á estación de Formigal, en Huesca. Engade que se completaron todas as prazas e con boa satisfacción por parte dos usuarios.

A continuación, informa que o vindeiro venres, día 20 de febreiro, ás 20.00 horas terá lugar a presentación da escola de boxeo Xesús Ferreiro, quen impartirá clases de luns a venres no ximnasio municipal de Cambre.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta Maria Vázquez Golpe informa que se lle realizou a auditoría de seguimento do sistema de xestión de calidade á Axencia de Desenvolvemento Local por parte da empresa AENOR. O resultado foi moi positivo, renovándose os certificados de calidade.

A seguir, informa que o expediente correspondente á campaña “Ti fas Cambre” está seguindo os trámites para a súa contratación, así xa están os pregos técnicos no departamento de contratación.

Igualmente, informa que esta semana se adxudicará o programa “marketing dixital”.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que ao longo da mañá se está asfaltando a rúa Martín Códax e Estanque, na parroquia do Temple. Engade que conta con rematar no día de hoxe e, o máis breve posible, retirarán os valados e se pintará.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que nos vindeiros días comezarán as obras do POS complementario 2013, coa obra “pluviais no polígono industrial do Temple”. Igualmente, informa que comezarán as obras do DTC 2014, que afectarán a varias parroquias do municipio.

A continuación informa que está solicitando orzamentos co fin de mercar unha minipa para a brigada, dado que agora se está alugando.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que o pasado xoves se reuniu con persoal do Colexio de Odontólogos da Coruña, onde lle presentaron a clínica solidaria que comezará a funcionar a primeiros do mes de marzo para usuarios de servizos sociais, con prezo económicos e nalgún caso será de balde. Trátase de evitar que a solución, na maior parte dos casos, sexa a extracción dental.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

Maria Jesús González Roel

A secretaria

Verónica Maria Otero López